

# REGULAMENTO XLII GRAN FONDO CAIXABANK

## CARREIRA DE MENORES

### 1. DATA

Domingo 20 de outubro de 2024.

### 2. HORARIO CATEGORÍAS E DISTANCIAS

**10:15h. "Cativos"** – nados no ano 2018 e posteriores – 250 m. – dentro da pista de atletismo do CGTD. Os participantes poderán ser acompañados por unha persoa adulta.

**10:35h. "Mini Gran Fondo"** – nados entre o 2017 e 2007 – 750 m. Saída dende a ponte dos tirantes e entrada á pista de atletismo

### 3. INSCRICIÓNS

Faranse en <https://mmpontevedra.com/> ata as 23:59 horas do día 17 de outubro de 2024 e non se admitirán inscricións posteriores. O custo da inscrición é de 1€. Todo o recadado coa inscrición sortearase entre os participantes en concepto de vales de material deportivo para facer uso na tenda MILER de Pontevedra. A inscrición da carreira é persoal e intransferible, e non se devolverá o importe da inscrición.

### 4. ENTREGA DE DORSAIS.

Os/as deportistas terán que portar obrigatoriamente o dorsal entregado pola organización no peito, sen dobrar nin ocultar, ben visible.

INSCRICIÓNS	DATA	LUGAR
Realizadas antes do 15/X/24	Do 16/X ao 19/X En horario de tenda	Tenda Miler R/Peregrina 6; Pontevedra
Realizadas do 16/X/24 en diante	20/X de 8:30 a 10:00 a.m.	Pavillón Universitario de Pontevedra

### 5. PERCORRIDO. ("Cativos" en verde, "Mini Gran Fondo" en amarelo)



Estas categorías teñen carácter **participativo**. Todas as persoas participantes recibirán agasallo.